

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN A CORUÑA

I CONCURSO

DE



ESCRITURA

RÁPIDA

Cultura desde 2011

animarán a la
niños en las bi

ana habrá cuentacue

ueves, doble se

scripcion e

adecuadamente

plimiento de los

se resuelven o

Más allá de la ne

o modificar un do

al, los motivos pue

calado. Por ejem

absoluta

sta

ido

critic

iden

psiq

gust

puer

muerto

pados aun con cal, tierra y si

lenicio. Y me gusta que se meta

en berenjenales que otros no

quisieron para sí, aunque hay

seguido teniendo

Coban

bi

na Hu

pirar a

scritora?

nada! [me]

mucho tiem

acia, pero

te sur

na

di

ga y con Osasuna, que tam

en 44 puntos pero peor di

ancia de goles.

Los granadistas de exam

hasta el miércoles, que se

empiecen a preparar

domingo en el Nu

ante el De

do con

el

LUCHA

JAPONES

al.com destacaba el cre

negocio de Bloombe

pese a la caída de la publicidad digital, lo esca

de la

la integraci

de los

al día

ón María José Jone señala su sede con

para hacerla accesible a quienes

el espectro autist

amenaza

o el país

de la Fiscalía

asado se

3 acciden

dieron

las palabras

sociedad


Este libriño recolle algúns dos traballos que elaborou o noso alumnado con motivo dun concurso que organizamos para conmemorar o Día das Letras do curso 2018_2019.

O reto consistía en escribir un texto literario ou facer un debuxo, a partir dun fragmento que atopamos nunha novela de Fina Casalderrey, e que di así:

"De súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse brusca-mente..."

Deseño e elaboración da portada:

Aula específica do CEIP EMILIA PARDO BAZÁN



SOFÍA 5.º A (E. INFANTIL)



CLARA 4.º C (E. INFANTIL)

MEDO

De súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente e un neno que había alí asustouse e cerrou a porta rapidamente. Pensou que ía explotar. Foi correndo á casa. E cando foi para a cama tapouse os ollos coas mans. Non puido durmir polo medo.

Nerea 1º B (RELATO GAÑADOR)





MOLLADURA

De súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente e deume un susto de morte cando ía á panadería buscar o pan para a comida. E tiven moi mala sorte, porque empezou a chover e eu non tiña paraugas e mollei os pés.

Eva 1.º C (RELATO FINALISTA)







MANUEL 5.º C (E.INFANTIL)

FRAGO

De súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente e neno Xoán saía enfadado coma sempre e a súa nai non sabía por que.

Foi camiñando pola rúa e atopouse cun anano que era amable e levouno ao seu mundo de fantasía e encontrouse con: xigantes, fadas, sereas e incluso cun pirata, pero non cría o que estaba vendo e ese trasgo tiña unhas gafas especiais, e díxolle:

-Con estas gafas veralo todo doutra forma, veralo todo positivo.

Xoán probou as gafas e dixo:

-Tiñas razón!

E os dous fixéronse amigos.

Xoán dixo:

-Como te chamas?

E o trasgo dixo:

-Chámome Frago ou Díver, para ti son só Frago.

-Vale -dixo Xoán.

-Este mundo é fantástico e incluso lle puxen nome a un unicornio, e chámase Purpurina.

Frago e Xoán fixéronse moi amigos e coas gafas máxicas non tiña ningún problema nunca máis!

Layla M. Roca 2.º A (RELATO GAÑADOR)



SALVADOS POLO TESOURO

Había unha vez sete guerreiros enviados polo rei á conquista de Francia. Primeiro debían chegar a Francia e para iso tiñan que cruzar a rúa embruxada e chegar á saída de España.

Chegaron á porta pero estaba cerrada e de súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente. Aínda que non sabían os perigos que lles esperaban, seguiron adiante. E de súpeto apareceu un dragón. E cando parecía que era o fin os sete guerreiros á vez déronlle coa espada na barriga e morreu, e así puideron pasar.

Ao pasar a Francia esperábaos unha muralla chea de arqueiros e fixeron un plan para esquivar todas as frechas, ata que se acabaron, e case están cinco horas pois tiñan moitísimas. Logo, escalaron, empezaron por conquistar París. Non foi nada fácil pero conseguírono. Logo, Toulouse, Lyon... Roubaron todo pero o rei non ía deixar que iso pasara, así que enviou os seus mellores guerreiros. Cando se deron conta foron correndo a España, e cando o rei de España soubo o que pasara mandounos á guillotina, pero aproveitaron que o roubaron todo e lla deron ao rei. Así se salvaron e como recompensa lles deron comida infinita.

ANTÓN SANTOS 2.º B (RELATO GAÑADOR)





JULIA 6.º C (E. INFANTIL)



MARCO 4.º A (E. INFANTIL)

OS PAXAROS DE CORES

Había unha vez uns amigos que vivían nunha vila. Esa vila tiña catro rúas. Mellor, tiña cinco, pero unha delas estaba pechada cun portón. Como non podía pasar ninguén, estaba abandonada.

Un día, os amigos saíron xogar diante da porta da rúa. De súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente.

Empezaron a saír moitos paxaros de cores, saían tantos que non se podía ver outra cousa. Cando acabaron de saír quedou un no medio da rúa. Era un paxaro gris e estaba moi triste. Os nenos preguntáronlle:

-Por que estás triste?

-Porque eu son gris e todos os meus amigos son de cores.

-Non te preocupes. Xuntos buscaremos unha cor para ti.

-Moitas grazas amigos.


E xuntos buscaron e buscaron ata atopar unha cor para o paxaro gris. Esa cor foi o laranxa. Non había outro paxaro da mesma cor.

Ao final, a porta da rúa quedou aberta e todos os paxaros foron felices para sempre!

Beatriz González 3.º C (RELATO GAÑADOR)



A CASA ENCANTADA



Un día, de súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente. Toda a xente se preguntaba por que se abrira. Tres nenas dixeron:

-Nós entraremos a investigar.

Tiñan medo porque a esa casa tiñana como encantada... Aínda así, entraron. A porta pechárase tan forte coma se abrira e as tres nenas berraron, pero pronto se lles pasou o susto.

Paula escoitou unha música: era coma as das películas de terror; cada vez que se acercaban á única habitación da casa, máis forte se escoitaba a música. Abriron a porta e... había un neno de costas, era el o que cantaba! Preguntáronlle as tres nenas:

-Estás ben? Es ti o que abriu a porta?

Xirouse e... Non tiña cara!! As nenas saíron correndo da habitación.

Todas as persoas que estaban fóra dixeron:

-Feliz día dos inocentes!

-Uf, menos mal...! -dixeron as nenas-. Pero quen era ese neno?

-Era Lorenzo cunha máscara.

-E quen abriu a porta? -dixo Martina.



Un truco de Xoán - respondeu Lorenzo.

Todo era unha broma! Que ben o fixestes! A todos os que gastaron a inocentada... Grazas!

Pero a próxima vez, que dea un pouco menos de medo! - dixeron as nenas.

E colorín azulado, este conto aquí se dá por finalizado.

Carolina Naveira 3.º B (RELATO FINALISTA)



MAURO 4.º A (E. INFANTIL)



Ben

Un día fun co cole de excursión a visitar un museo. Vimos moitos cadros e esculturas e paseino moi ben, pero cando iamos saír non paraba de chover e sarabiar, entón eu e mais os meus compañeiros fomos rápido ao autobús para así non mollarnos moito. Cando chegamos á casa tomamos algo quente e acendemos a calefacción. Cando chegou a hora de cear, de súpeto, como se se desatase un furacán en plena primavera que nos pillase desprevidos, a porta da casa abriuse bruscamente. Miña nai e mais eu tiñamos medo de que fora un ladrón, pero era un can abandonado. Démoslle comida para cans porque tiñamos sorte de que tiveramos había uns meses un can que desgraciadamente morrera.

Á mañá seguinte levamos o can ao veterinario e díxonos que estaba en perfectas condicións e entón adoptámolo. O can era moi divertido e moi xoguetón, era moi bonito e pequeno e era de cor marrón. De nome puxémoslle Ben.

Ao día seguinte ao volver do cole démoslle un paseo e volvemos á casa porque eu me atopaba mal, tiña febre. Entón fomos ao médico e deixamos a Ben cos meus avós. Cando regresamos a buscar a Ben, os meus avós estaban durmidos. Entón, sen facer ruído buscamos a Ben. Non estaba. Espertamos aos meus avós e axudáronnos a buscar a Ben, pero sen rastro del. Ao día seguinte, os meus pais pegaron papeis por todos os lados, por se o atoparan. Pola noite volveuse abrir a porta e empezou a chover e a sarabiar, pero cando se abriu de todo a porta vimos que era Ben e mais o seu dono dando as grazas por atopar ao seu can e entón deixámoslle cear con nós. Eu estaba moi contento por Ben e polo seu dono.

A SORPRESA DA CIDADE

Había unha vez unha familia pobre que vivía nun monte nunca casucha de madeira pode.

Alimentábanse da froita e da verdura que plantaban na súa horta. O fillo maior, que estaba farto da pobreza da súa familia, dixo:

-Estou farto desta pobreza, temos que ter os mesmos hábitos que os demais!

E cando se encamiñou cara á porta, de súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente. Non o podían crer! A través da porta estaba toda a cidade, incluídos edificios, estradas, rúas... O vento arrastrouno ata o monte!

-E agora que comemos, se a nosa horta desapareceu? - preguntou o pai.

-Non vos preocupedes por iso, eu podo arranxalo - dixo unha comerciante.

-Como? - preguntou a familia.

-Pódovos dar un traballo na miña fábrica! -contestou -. E cobraredes moito!

A familia aceptou e hoxe están a traballar os adultos e, os seus fillos, na escola como os demais nenos.

E ese monte converteuse nun edificio de once pisos que é onde esta alegre familia vive.

Iago Lozano Vázquez 4.º B (RELATO FINALISTA)





ARROTINA

VICTORIA 6.º A (E. INFANTIL)



MIRIAM 4.º B (E. INFANTIL)

O BARQUIÑO DE PAPEL

Un día estaba na miña casa construíndo un barco de papel e, de súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente.

E vin o mar. Achegueime con meu barco de papel e boteino.
Dende ese día acórdame moito o meu barquiño de papel.

Frahilym Ríos 5.º B (RELATO GAÑADOR)



UNHA TARDE DIFERENTE

Ao saír da miña clase do instituto decidín quedar cos meus amigos para pasar unha tarde todos xuntos. En total eramos sobre doce nenos, decidimos quedar na praza do noso barrio. Cando estabamos todos decidimos ir á praia a correr e a xogar.

Cando estabamos todos moi cansados ocorréuseme a idea de que podían vir algúns á miña casa. A uns non lle apetecía pero a outros si e entre tanto rebumbio viñeron oito á miña casa.

Ao chegar á miña casa collín as miñas chaves do portal e cando me apoiei na porta... de súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente, e a miña casa non era a mesma. Dentro non estaban os meus pais, senón unhas curuxas facendo uns feitizos de cores moi rechamantes con cachos de froitas, pero non froitas calquera, eran froitas de cor marrón.

Ao subir á planta de arriba non había nada estraño, pero de súpeto empezou a entrar unha especie de fume de cor gris que non me deixaba ver o que acontecía. Cando xa non había tanto fume mirei para atrás e os meus amigos xa non estaban. Mirei no me armario e alí estaban os meus amigos, pero estaban cunha corda e cunha cousa un pouco rara na boca. Detrás deles atopei unha especie de cronómetro que tiña posta unha conta atrás. Entón nese momento pechei os meus ollos e apareceu unha fada madriña que me dixo o que tiña que facer para sacar de alí os meus amigos.

Díxome que cada unha das curuxas que estaban abaixo tiñan unha chave que había que conseguir acertando unhas adiviñas.

Había tres bruxas e as dúas primeiras adiviña eran fáciles, pero a terceira eran unhas pistas que había que tiñan que pasar en menos de cinco minutos.

Cando acabei as pistas déronme as tres chaves e fun capaz de liberar os meus amigos, eles déronme as grazas e fóronse á súa casa.

Selene Romero 5.º A (RELATO FINALISTA)



ELOI 4.º B (E. INFANTIL)

REMOLINO



A PORTA MÁXICA

Sempre que vou mercar o pan, miro a porta. Esa porta gris, grafiteada e pechada. Un día, cando ía polo pan, de súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente.

Estaba escuro, pero entrei. Despois de moito camiñar a escuridade comeza a desaparecer. Cada vez había máis luz. O chan deixou de ser tan duro. Púxose moi suave, coma se dunha nube de algodón se tratase. Nese momento, entroume medo. Pensei en volver cara a atrás e esquecerme da porta, pero menos mal que non o fixen, porque cando me dei de conta, estaba sobre unha nube de algodón, o ceo era rosa e voaban os unicornios que me saudaban.

Quedei nas verzas mirando cara aos unicornios, ata que o máis fermoso veu xunto a min e díxome:

-Ola! Eu son *Virutas*, encantada de coñecerte. Que fas por aquí? Os humanos non nos soen visitar...

-Pois... Estou perdida –respondinlle–. Teño présa, a miña nai estame esperando para comer e aínda teño que ir mercar o pan...

Nese momento, *Virutas* puxo unha cara de tristeza, pois estaba emocionada pola visita dun ser humano. Mais, a pesar disto, díxome:

-Non sei se chegarás a tempo. Para saíres deste mundo máxico tes que levar a cabo unha misión moi complicada...!

-Que teño que facer?

-Tes que ir ao castelo da raíña Arcoiris e, entre todas as habitacións, tes que atopar un espello. Diante do espello tes que dicir que queres volver á casa e, maxicamente, aparecerás na entrada da túa casa.

-Iso é moi fácil –dixen eu.

Non... A raíña Arcoiris non deixa a ninguén entrar no seu castelo.

(continúa)

Sabía que ía ser difícil, pero quería volver á casa, así que lle pedín a *Virutas* se me podería levar ao castelo da raíña Arcoiris.

Unha vez diante do castelo, *Virutas* entretivo os gardas para que eu puidera entrar. Cando o fixen, comecei a pensar... Non sabía onde estaba o espello, non sabía se subir as escaleiras ou se quedarme nesa planta...

Decidín subir as escaleiras e comecei a mirar nas distintas habitacións. No baño, non había espello ningún; na primeira habitación, tampouco había espello... Mais, ao entrar na seguinte... Aí estaba!

Cando ía dicir que me quería ir á casa fronte ao espello, coma me dixer a *Virutas*, entrou a raíña Arcoiris:

—Ti quen es? Que fas aquí? Seguridade!!

Rapidamente dixen as palabras fronte do espello e, de súpeto, estaba de novo na entrada da miña casa. Entrei. Miña nai estaba esperándome. Miroume e díxome:

E o pan?


Non tiñan do que sempre collo...

Claramente, non lle dixen a verdade, porque non crería toda esta historia. Simplemente fun xantar. Agora, cando paso por diante da porta, acórdome desta marabillosa aventura. Acórdome da marabillosa porta máxica.

LEILA GONZÁLEZ 6.º C (RELATO GAÑADOR)



gall





LÍA 5.º C (E. INFANTIL)

OS MISTERIOSOS OLLOS

A pesar de estar no mes de abril, era unha tarde moi fría, o ceo estaba gris e non paraba de chover.

Lucas estaba coa súa irmá María na casa dos seus avós. Eran persoas moi extravagantes. Había xente que chegaba a clasificalos como sinistros pola súa actitude. En ocasións, eran moi pechados e o seu sorriso metía medo. Digamos que non eran as persoas máis adecuadas para coidar duns nenos coma eles.

Só eran as cinco da tarde e xa pasaran moitas cousas estrañas e os nenos decidiron escapar dese lugar maldito. Cando chegaron á porta, déronse conta de algo... estaban encerrados! Subiron á súa habitación moi asustados e para a súa sorpresa ao entrar viron o máis terrorífico que lles podía pasar, todos os seus bonecos estaban tirados no chan, rotos e empapados en sangue.

Saíron correndo da habitación ata chegar á entrada principal, onde os esperaban máis horrores. Todo estaba cheo de arañas. Eran uns bichos horribles aos que a nena temía máis que a nada.

De novo, correron escaleiras arriba e decidiron chamar ao seu amigo Xavier para que os axudase. Xavier era un neno moi peculiar, xa que tiña un ollo azul e outro verde. Desgraciadamente, non contestou á chamada.

De súpeto, coma se se desatase un furacán en plena primavera que os pillase desprevidos, a porta da rúa abriuse bruscamente. Eran os seus avós.

-Temos unha sorpresa para vós -dixo o avó co seu característica sorriso.

Abriron unha caixa e atoparon un can, tiña algo especial, un ollo azul e outro verde.

Marta Val Vilabella 6º B (RELATO FINALISTA)



AYLA 5.º B (E. INFANTIL)

